



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZAOITO DE SETEMBRO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día dezaioito de setembro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (23/07/2013)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e tres de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre a designación dos dous días festivos locais no calendario laboral para o ano 2014

Dáse conta da comunicación da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar solicitando a designación dos dous días festivos locais para o ano 2014.

A Comisión de Asuntos Xerais informa favorablemente a designación como festivos locais para o ano 2014 o día de Santa Baia (10 de decembro) e 22 de setembro (día do Patio).

Posta a votación a citada proposta apróbase con doce votos a favor do PP, PSdeG-PSOE e TEGA e unha abstención do BNG.

3º.- Acordo, se procede, sobre a aprobación inicial da Modificación Puntual do PXOM no ámbito de solo denominado SUD-7 (dotación privado Ribadulla)



Considerando que mediante providencia da Alcaldía de data 17 de xuño de 2013, se manifestou a necesidade e conveniencia con relación aos intereses públicos e privados concorrentes, de promover a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, aprobado por Orde do 30 de Xaneiro de 2007 (DOG número 30 do 12/02/07) e por Orde do 8 de maio de 2007 (DOG número 99 do 24/05/07), do ámbito de solo denominado SUD-7 (Dotacional Privado Ribadulla), situado na parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, neste termo municipal, nos termos do proxecto redactado para os efectos polo arquitecto Fermín González Blanco.

Considerando que, ao non tratarse dunha modificación substancial do plan non é preciso solicitar da consellería competente o informe previo previsto no artigo 85,1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Considerando que se remitiu o proxecto ao órgano ambiental competente, que se pronunciou a través da decisión do 22 de xullo de 2013 (publicada no DOG núm. 160, de data 23 de agosto de 2013), e que consta no expediente, resolvendo a non necesidade de someter a modificación puntual obxecto do expediente a avaliación ambiental estratéxica.

Realizada a tramitación legalmente establecida, visto o contido dos informes de Secretaría e dos Servizos Técnicos Municipais, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado inicialmente o proxecto de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, no ámbito de solo denominado SUD-7. *Dotación privado Ribadulla*, nos termos que obran no expediente e no proxecto presentado con data 10 de xuño de 2013 e asinado polo arquitecto Fermín González Blanco.

2º.- Abrir un período de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG, e en dous dos xornais de maior difusión da provincia. Durante o mencionado período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten, de ser o caso, as alegacións que estimen pertinentes.

3º.- Suspender a concesión de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de modificación. A suspensión terá unha duración máxima de 2 anos.

4º.- Dar audiencia aos municipios limítrofes simultaneamente e durante o mesmo prazo de información pública.

5º.- Solicitar, simultaneamente ao trámite de información pública, os informes sectoriais que procedan; que deberán ser emitidos no prazo de un mes.

O Sr. Cobas do PSdG-PSOE pregunta se isto afecta aos demais solos SAU, contestándolle a Presidencia que en principio non.

O Sr Secretario di que ninguén sae prexudicado, é máis, nesta nova proposta inclúese un solo dotacional con posible uso hostaleiro e permítese desenvolver o cemiterio parroquial.



O Pleno con doce votos a favor do PP, PSdG-PSOE e TEGA, e unha abstención do BNG acorda aprobar a citada proposta.

4º.- Ratificación, se procede, das Resolucións da Alcaldía números 345 e 346 de data 9 de setembro sobre a cesión de locais para uso das asociacións “O Cruceiro da Ulla” e a Escola de Música Santa Cruz do Concello de Vedra.

Dáse conta das seguintes Resolucións da Alcaldía:

Resolución da Alcaldía num. 345/2013:

“Vista a solicitude núm. 1202, de data 4 de setembro de 2013, presentada polo Presidente da Asociación Escola de Música Santa Cruz do Concello de Vedra, con CIF G15400088, para a cesión do local da planta baixa da Casa de Cultura de Santa Cruz de Ribadulla, que xa veñen usando, por considerar que os seus fins redundan de forma evidente en beneficio dos veciños do concello dada a finalidade da asociación.

Que dito ben non está comprendido en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, e non é necesario para o Concello nin é previsible que o sexa nos dez anos inmediatos.

Que para obter subvencións destinadas á súa finalidade se lle esixe que dispoñan da cesión do local/is por un período de dez anos.

En base a todo o anterior, e en función das competencias que me outorga o artigo 21 da Lei de Bases de Réxime Local e demais aplicacións para o efecto,

RESOLVIN:

PRIMEIRO.- Concederlle á Asociación Escola de Música de Santa Cruz do Concello de Vedra con CIF G15400088, os locais do baixo da Casa de Cultura de Santa Cruz de Ribadulla, dos que xa dispoñen na actualidade, por un período de dez anos por reunir os requisitos establecidos nos artigos 110 e seguintes do Regulamento e Bens das Entidades Locais, para o desenvolvemento dos fins propios da Asociación.

Resolución da Alcaldía num. 346/2013

“Vista a solicitude núm. 1213, de data 6 de setembro de 2013, presentada polo Presidente da Asociación Cultural e de Festexos “O Cruceiro da Ulla” con CIF G15587587, para a cesión do local da antiga escola unitaria de Ponte Ulla, que xa veñen usando, por considerar que os seus fins redundan de forma evidente en beneficio dos veciños do Concello dada a finalidade da Asociación.

Que o dito ben non está comprendido en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, e non é necesario para o Concello nin é previsible que o sexa nos dez anos inmediatos.

Que para obter subvencións destinadas aos seus fins se lle esixe que dispoñan da cesión do local/is por un período de dez anos.

En base a todo o anterior, e en función das competencias que me outorga o artigo 21 da Lei de Bases de Réxime Local e demais aplicacións para o efecto,

RESOLVIN:

PRIMEIRO.- Concederlle á Asociación Cultural e de Festexos “O Cruceiro da Ulla” con CIF G15587587, os locais da antiga escola de Ponte Ulla, dos que xa dispoñen na actualidade, por un período de dez anos por reunir os requisitos



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



establecidos nos artigos 110 e seguintes do Regulamento e Bens das Entidades Locais, para o desenvolvemento dos fins propios da Asociación.”

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda ratificar as citadas resolucións.

5º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio 2012

Dáse conta da Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2012, informada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas o día 27 de maio do ano que andamos, que consta das seguintes partes, segundo o disposto no artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e na Orde de Economía e Facenda 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local:

A.- BALANCE DE SITUACIÓN

BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	PASIVO
5.479.107,42	5.479.107,42

B.- CONTA DE RESULTADOS

INGRESOS AÑO 2012	3.268.434,96
INGRESOS AÑOS ANTERIORES	0,00
GASTOS AÑO 2012	2.928.881,60
GASTOS AÑOS ANTERIORES	24.779,63
RESULTADO TOTAL (AFORRO)	314.773,73

C.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS EN 2012	3.489.606,42
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS EN 2012	- 3.188.020,35
DIFERENZA: RESULTADO DO EJERCICIO	301.586,07
GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA	0,00
DESVIACIÓN DE FINANCIAMENTO POSITIVAS	0,00
RESULTADO AXUSTADO (SUPERAVIT)	301.586,07

Quedando ao final do exercicio:

DEBEDORES DEREITOS RECOÑECIDOS	417.993,94
ACREEDORES OBRIGAS RECOÑECIDAS	489.926,46

D.- ESTADO DEREITOS E OBRIGAS EJERCICIOS ANTERIORES



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



DEBEDORES PENDENTES DE COBRO	179.193,97
ACREEDORES PENDENTES DE PAGO	0,00

E.- COMPROMISOS CON CARGO A EJERCICIOS FUTUROS

Negativo

F.- ESTADO DA TESOURERÍA

	EX. INICIAL	COBROS	PAGOS	EX. FINAL
CAIXA	1.150,55	54.217,47	54.208,62	1.159,40
BANCOS	35.428,14	5.478.548,20	5.495.851,21	18.125,13
S/SAÍDA	0,00	3.333.151,12	3.333.151,12	0,00
TOTAL	36.578,69	8.865.916,79	8.883.210,95	19.284,53

G.- ESTADO DA DÉBEDA

Negativo

H.- REMANENTE DE TESOURERÍA

+ DEBEDORES PTES. DE COBRO A 31/12/2012 (NETOS)	629.355,24
- ACREEDORES PTES. PAGO A 31/12/2012 (NETOS)	703.749,28
+ FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA A 31/12/2012	19.284,53
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	- 55.109,51
EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO	0,00
SALDOS DE DUDOSO COBRO	0,00
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	- 55.109,51

Así mesmo, achéganse os seguintes anexos:

- Memoria da Conta Xeral
- Investimentos destinados ao uso xeral
- Inmobilizacións materiais e inmateriais
- Endebedamento
- Operacións non orzamentarias
- Balance de comprobación
- Estado de modificación de créditos
- Estado de gastos con financiamento afectado
- Estado de situación e Movemento de valores
- Relación Nominal de debedores e acredores

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se formularon reclamacións.

O Sr. Cobas do PSdG-PSOE anuncia a abstención do seu grupo.



O pleno con seis votos a favor do PP e sete abstencións do PSdG-PSOE, BNG e TEGA acorda aprobar a citada conta xeral

6º.- Acordo, se procede, sobre aplicación no ámbito municipal do artigo 4 do RDL 20/2011, do 30 de decembro, e do RDL 20/2012, do 13 de xullo

A xornada xeral de traballo no Sector Público quedou establecida na disposición adicional septuaxésima primeira da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de Presupuestos Generales del Estado para 2012, fixando que a mesma non poderá ser inferior a trinta e sete horas e media semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual, equivalente a mil seiscentas sesenta e catro horas anuais.

Esta xornada ordinaria foi previamente establecida no artigo 4 do Real Decreto Lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia presupostaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

O Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade, regula permisos e vacacións dos traballadores públicos.

Proponse:

Aplicar no ámbito municipal o establecido no RDL 20/2011, do 30 decembro, e no RDL 20/2012, do 13 de xullo.

A Presidencia expón que se trata dun mero trámite formal, non hai posible debate do RDL 20/2011 e do 20/2012, de feito tráese ao pleno polo tema das 37,5 horas semanais de traballo e dos días de libre disposición, non porque se considere necesario, senón porque poden existir dúbidas sobre todo no caso das auxiliares de axuda no fogar, que se incorporaron ao concello despois da súa aplicación, e en calquera caso independentemente do que se vote aquí, trátase de normas de rango superior de obrigado cumprimento dende a súa entrada en vigor. Incluso nos mesmos se sinala que suspenden os pactos, acordos ou convenios co persoal funcionario e laboral subscritos polos Administracións públicas e organismos e entidades deles que contradigan estas disposicións; de feito a Mesa de Negociación Colectiva de Vedra así o entende e que non fai falta ningún trámite formal a maiores e así se ven aplicando aos traballadores do concello dende principios de ano, pero dado que estamos a falar dun trámite formal no fondo para adaptar formalmente o convenio tráese ao pleno.

O pleno con doce votos a favor do PP, PSdG-PSOE e TEGA e unha abstención do BNG acorda aprobar a citada proposta.

7º.- Dar conta das facturas que cumpren os requisitos do Real Decreto 8/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros

Polo Sr. Secretario - Interventor dáse conta ao pleno da relación de obrigas pendentes de pago con provedores, vencidas, líquidas e esixibles con anterioridade ao 31/05/2013, enviada ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, de acordo co establecido no Real Decreto Lei 8/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas



financeiros (BOE núm. 155/13, do 19 de xuño) , que consta de doce facturas dun montante total de 108.535,90 euros.

Dáse conta así mesmo que a día da data as citadas facturas están pagadas na súa totalidade.

A Presidencia di que había que enviar as que estaban pendentes de pago ao 19 de xullo e así se relacionaron, pero que xa están pagadas e polo tanto, a diferenza do que pasou nos anteriores anos, non temos a acudir aos créditos ICO.

O Pleno dáse por informado.

8º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Á pregunta sobre do Miradoiro de Sales, a Presidencia di que con data 31/05/13 e 19/08/13 solicitámoslle ao Colexio de Arquitectos de Galicia informe sobre certificados finais de obra e outros e ata o de agora non contestaron, é hoxe mesmo chamouse alí e informaron verbalmente que en breve contestarán.

Di tamén que se lle enviou unha cuarta multa coercitiva a Invergal Marvil, S.L e o servizo de correos devolveuna, e logo de investigar no Rexistro da Propiedade enviouse todo o expediente ao novo titular Invergal participaciones Inmobiliarias, S.L, que tamén devolveu Correos ao non ser retirado, e que o seguinte paso será publicalo no Boletín Oficial da Comunidade de Madrid, onde ten o domicilio social a citada empresa.

--Á pregunta do Sr. Cobas do PSdG-PSOE sobre da canalización da liña telefónica en Tomonde dende a casa de Fernando Negro á de Florencio Seijo, a Presidencia contéstalle:

“No ano 2012 unha familia de Santa Cruz solicítanos de forma verbal se o concello podería mediar en relación á súa solicitude feita a Movistar (empresa que ten a concesión do servizo universal da rede pública de telefonía) para poñer o teléfono fixo na súa vivenda, dado que dita empresa lle transmite que para atender dita solicitude necesitanse varios postes (en concreto máis de dous) así como cable e que Movistar nesas condicións non realizará a obra.

Tratándose dun servizo público e sendo vocación fundamental do Concello colaborar cos veciños, mediamos con Movistar, e por parte da empresa transmítesenos verbalmente que se o Concello fai a canalización, Movistar pon o cable, o poste anterior á vivenda e fai a conexión, debendo, por suposto, servir tamén para outros usuarios esa prolongación de liña de ser o caso.

Informamos a dita familia desta posibilidade, e ademais de que en relación ao que tería que facer o concello, esa familia tería que facerse cargo dos custes económicos tanto do material coma da man de obra, o cal aceptan.

Cónstanos que en xaneiro de 2013 pagaron o material no comercio que o serviu (en concreto 372,80 euros). Así mesmo , o 13 de xuño de 2013 (isto é , 40 días antes de que vostedes fixesen esta pregunta) pásase ao departamento de contabilidade do concello a orde de liquidar e cobrar os custos de man de obra (algo que poden comprobar en dito departamento), sendo aboados por dita familia o pasado 7 de agosto (en concreto 819,04 euros), polo tanto, en total pagaron entre material e man de obra 1.191,84 euros.



En conclusión, estamos a falar dun servizo público (conexión á rede pública de comunicacións electrónicas dende unha situación fixa), feito en vía pública, onde non existe ningún prexuízo para o concello, e ademais serve dita canalización para a conexión telefónica cando menos doutra vivenda na zona.

Cremos sinceramente que non existe ningunha irregularidade na actuación do concello, é máis, xunto a este, había e hai outro caso en San Fins, que ata o de agora non se puido solucionar, quizais por tratarse dunha maior distancia, onde Movistar nin sequera propón nin acepta a solución dada no anterior caso.

Todo iso porque seguro que existen máis casos no concello, nos leva a que probablemente sexa unha boa idea formalizar algún tipo de convenio ou acordo con Movistar (antiga Telefónica) para buscarlle solucións e solucionar estes casos.”

O Sr. Secretario de seguido procede á lectura do informe solicitado polo Grupo PSdG-PSOE sobre das citadas obras, dicindo que non existe un expediente sobre este asunto, polo cal sen datos concretos ao respecto e só con algún documento solto non sería nin conveniente nin posible elaborar un informe de legalidade.

Di que a partir da contestación do Sr. Alcalde procederá a emitir o informe solicitado.

--Sobre do rogo de dona Lucía González do PSdG-PSOE solicitando a colocación dun colector en Nande, a Presidencia di que están intentando negociar máis para cubrir as necesidades que existen.

9º.- Rogos e preguntas

--O Sr. Cobas do PSdG-PSOE formula as seguintes preguntas:

1º.- En relación á moción presentada polo seu grupo e aprobada por maioría absoluta solicitando que se cobre o IBI aos inmobles rexistrados a nome da igrexa católica e doutras confesións relixiosas cuxo destino non estea vinculado ao culto, pregunta se se fixeron as xestións para que se lle cobre o vindeiro ano.

2º.- En relación ás facturas de Construcciones Roberto Vales, S.L por mellora do espazo común de San Fins, fase I e Fase II, solicita ver o proxecto ou memoria da obra e as facturas.

--O Sr. Cerdeira do PSdG-PSOE formula os seguintes rogos

1º.- Roga que se repoñan as tapas da rede de sumidoiros en Marzán porque falta algunha e resulta perigoso para os veciños.

2º.- Que se repoñan os carteis que se puxeron no seu día diante das obras realizadas polos emigrantes, os chamados “roteiros da emigración” que cada vez faltan máis por actos vandálicos, porque incluso sería mellor que se retirasen antes de estar desfeitos, aínda que o seu grupo solicita que se repoñan.

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE roga que se inste ao propietario da parcela en San Xián que vai de Calzande a Romarís porque lle consta que algún veciños falan con eles e néganse a facelo e está invadindo a estrada.

--O Sr. Pose do BNG formula os seguintes rogos e preguntas:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1º.- Sobre do tema da modificación do PXOM solicita que a parte da súa exposición pública que por parte dos servizos técnicos lles advirtan á igrexa e aos veciños afectados das consecuencias da modificación, sendo esta un dos motivos da súa abstención.

2º.- En canto á cesión dos locais a determinadas asociacións, solicita que se fale con outras asociacións, que están na mesma situación, e se defina o uso do Museo de Vedra dunha vez , pois a Asociación Papaventos estaría interesada en dispor dun espazo como aquel ou parte del, independentemente de que durante a rehabilitación do retablo o usen as traballadoras, ou ben se lle ceda un despacho a cada un dos grupos políticos que forman o pleno de Vedra

3º.- Solicita novamente o listado dos 180.000 euros que viñeron da Deputación e se destinaron a pequenas obras nas parroquias, e que se comprometeu a Alcaldía a proporcionar ao resto dos grupos o listado de gastos de persoal, materiais, ...etc

4.- Por último con respecto ao funcionamento do servizo de correos en Vedra, solicita que se poñan en contacto con Correos de Santiago para que restitúan o horario de atención pública na oficina que agora mesmo é de 8:30 - 9:30 horas e parece ser que a situación vai ser moito tempo así.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta minutos.